

Coristanco ■ No colexio de Agualada hai un obradoiro ás 16.00 sobre banda deseñada, a cargo do colaborador da revista *Golfiño Quique*. Tamén se proxecta a película *Jack, rei do Amazonas*. No colexio Alcalde Xosé Pichel organizan un encontro literario coa escritora Estíbaliz Espinosa. A primeira cita é no edificio de usos múltiples, de 10.00 a 11.00 horas cos alumnos de terceiro ciclo de educación primaria. Pola tarde, a cita é ás 15.00 horas cos rapaces de primeiro ciclo de educación primaria.